



**SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES**

Referencia: BDEP-B / 2022

Expediente: 2021000049661

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS DA PROVINCIA 2022 - GRUPO B (18-23 ANOS)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Logo de ver os seguintes:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Resolución da Presidencia 2022 / 5420, do 31/01/2022 , aprobáronse as Bases Reguladoras das Bolsas para deportistas da provincia 2022 publicadas no BOP nº 22, do 2/02/2022.

Segundo.- Por Resolución da Presidencia 2022 / 6288, do 2/02/2022, foi aprobada a convocatoria e publicada no BOP número 31 de 15/02/2022

Terceiro.- Por Resolución da Presidencia 2022 / 18959 , do 22/04/2022, foi nomeado o tribunal calificador, de acordo coas bases da convocatoria.

Cuarto.- Por resolución da presidencia numero 2022 / 18665, do 21/04/2022, foi aprobada a relación provisional de persoas admitidas e excluídas do Grupo B (18-23 anos) que se considera definitiva por non presentarse reclamacións.

Quinto.- Por resolución da presidencia numero 2022 / 30264 , do 1/07/2022, foron aprobadas as puntuacións das persoas solicitantes das bolsas para deportistas da provincia 2022 Grupo B (18-23 ANOS), e a concesión provisional das bolsas , concedendo prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución provisional na web da Deputación Provincial da Coruña, para que as persoas solicitantes poidan comunicar, se é o caso, o desestímulo da solicitude, ou presentar alegacións.

Sexto.- No prazo de alegacións concedido:

. Manuel Fernández López, alega, en síntese, disconformidade coa puntuación do proxecto deportivo e do historial deportivo presentado e solicita a súa revisión. O tribunal emitiu informe contestando as alegacións e confirmando a puntuación acadada por Manuel Fernández López, que lle foi notificado ao interesado o 13 de setembro de 2022.

. Borja Domingo Franco Martinez alega, en síntese, disconformidade coa puntuación do historial deportivo e do proxecto deportivo e solicita a súa revisión. O tribunal emitiu informe contestando as alegacións e confirmando a puntuación acadada por Borja Domingo Franco Martinez que lle foi notificado ao interesado o 13 de setembro de 2022.

. Carlos Gutier Picon Voces alega, en síntese, disconformidade coa puntuación do proxecto deportivo e

solicita a súa revisión. O tribunal emitiu informe no que estima as alegacións presentadas e modifica a puntuación do proxecto deportivo que pasa a 9 puntos. O informe foi notificado ao interesado o 14 de setembro de 2022.

Vistos os antecedentes sinalados, as disposicións legais de aplicación, e os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización,

RESOLVO:

1.- Desestimar as alegacións presentadas por Manuel Fernández López e por Borja Domingo Franco Martínez polos motivos indicados no informe do tribunal notificado aos interesados.

2.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por Carlos Gutier Picon Voces polos motivos indicados no informe do tribunal notificado ao interesado, e en consecuencia modificar a puntuación de Carlos Gutier Picon Voces que queda so seguinte xeito:

Historial deportivo: 10 puntos
Proxecto deportivo: 9 puntos
Puntuación total: 19 puntos.

A estimación desta alegación supón que Carlos Gutier Picon Voces pasa a ser o segundo suplente.

3.- Conceder definitivamente as bolsas ás persoas solicitantes que polos importes que se indican:

Orde	Expediente	Persoa Beneficiaria	NIF	Deporte	Importe
1	2022000012125	Garrido Brun, Jacobo	***8839 **	Natación	3.500,00 €
2	2022000010611	Horta Pombo, Caetano Xose	***9564 **	Remo Olímpico	3.500,00 €
3	2022000011367	Perez Parrado, Alma Maria	***9713**	Taekwondo	3.500,00 €
4	2022000012306	Otero Fernández, Paula	***1855 **	Natación	3.500,00 €
5	2022000012917	García de Dios, Rosalía	***2826 **	Piragüismo	3.500,00 €
6	2022000011796	Lata Cagiao, Irene	***4530**	Piragüismo	3.500,00 €
7	2022000010181	Blanco Tarela, Irene	***1405 **	Halterofilia	3.500,00 €
8	2022000012523	Rivadulla Lorenzo, Desiree	***1059 **	Taekwondo	3.500,00 €
9	2022000012527	Fernández Garrido, Iago	***2279**	Esgrima	3.500,00 €
10	2022000012680	Fernández Freire, Iván	***4659 **	Piragüismo	3.500,00 €
11	2022000010187	Prieto Villar, Andrés	***0432 **	Triatlón	3.500,00 €
12	2022000010587	López Iglesias, Elian Numa	***1028**	Atletismo	3.500,00 €
13	2022000011810	Barro Casanova, Malena	***2131**	Remo	3.500,00 €
14	2022000010653	Rodríguez Pernas, Raquel	***4544**	Remo Olímpico	3.500,00 €
15	2022000013624	Cuns Iglesias, Alba	***2846**	Atletismo	3.500,00 €

4.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3411/481, documento contable A número de operación 220220003259 , sendo o importe total proposto de 52.500,00 €.

5.- Nomear suplentes ás persoas, solicitantes pola orde que se indica, logo de desfacer o empate entre os solicitantes que obtiveron a mesma puntuación.

Para dirimir o empate entre os suplentes que obtiveron 19 e 18,5 puntos, valóranse outros méritos acreditados no historial deportivo, de conformidade co criterio de segundo resultado de maior nivel deportivo. No caso de persistir o empate, valóranse os seguintes resultados de maior nivel deportivo

Orde da Suplencia	Persoa Solicitante	Deporte	Puntos	Outros méritos
1º	Romero Ourille, Antía	Piragüismo	19	3ª camp. España Senior en C2
2º	Picón Voces, Carlos Gutier	Piragüismo	19	2º camp. España Júnior en C2
3º	Lago Andrade, Xiana	Atletismo	18,5	2º en Camp. España Pista cubierta (Sub18) y 4º Camp. España (Sub 18)
4º	Vidal Iglesias, Alejandro	Halterofilia	18,5	2º en Camp. España (Sub 17) y 1º Camp. Autonómico

6.- Denegar as restantes solicitudes

7.- Publicar a presente resolución de concesión provisional na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.